



Convocatoria de axudas dirixidas a destacaren as mellores fotografías e vídeos de Entroido presentadas por particulares e grupos ou comparsas para participaren no Entroido 2022 do Concello de Valdoviño.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxa documentación completa pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Primeiro.-Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das devanditas axudas, particulares e grupos que presenten a través das redes sociais fotografías ou videos atendendo ás bases da convocatoria nas seguintes categorías :

***Fotografía individual**

***Fotografía grupo**

***Vídeo individual e vídeo parella**

***Vídeo de grupo e/ou comparsa con unha canción. Grupo mínimo de tres persoas.**

***Video de grupo e/ou comparsa con unha parodia. Grupo mínimo de tres persoas.**

Segundo.- Finalidade

Promover e promocionar actividades culturais do Entroido para procurar a conservación das características do Entroido Tradicional.

Terceiro.- Bases Reguladoras

As aprobadas por Xunta de Goberno Local 10 de febreiro de 2022.

Cuarto.-Importe

Destinarase a cantidade máxima de 1.050,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 334.48000 en calidade de axudas que se distribuirán da seguinte maneira:



***Fotografía individual - 3 vales de 50,00 euros cada un .**

***Fotografía grupo - 3 vales de 50,00 euros cada un .**

***Vídeo individual e vídeo parella – 2 vales de 75,00 euros cada un.**

***Vídeo de grupo e ou comparsa con unha canción. Grupo mínimo de tres persoas.**

1 vale de 200,00 euros

1 vale de 100,00 euros

***Video de grupo e ou comparsa con unha parodia. Grupo mínimo de tres persoas.**

1 vale de 200,00 euros

1 vale de 100,00 euros

Quinto.-Prazo de presentación de solicitudes

Para participar será imprescindible cumprimentar a solicitude de inscrición e enviar entre o **24 de febreiro e as 14,00 horas do 3 de marzo**, as fotografías e/ou vídeos ao correo electrónico culturavaldivino@gmail.com acompañado/s da folla de solicitude de participación cumprimentada que poderán descargar da páxina web do concello www.concellodevaldivino.com ou ben recoller presencialmente na Casa da Cultura. Na solicitude de participación terase que facer constar os seguintes datos: nome e apelidos do participante-s, concello de empadramento, teléfono, categoría na que concurra, autorización para cesión de imaxes e autorización de participación se fose menor.

En Valdoviño, febreiro de 2022

O Alcalde

Asinado: Alberto González Fernández